



## Á ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DA CORUÑA AO PLENO DA CORPORACIÓN

O Grupo Municipal da Marea Atlántica, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal do Concello da Coruña, presenta para debate e, no seu caso, aprobación no Pleno deste Concello a seguinte,

### **MOCION SOBRE RESIDENCIAS DE MAIORES E MEDIDAS DE PROTECCIÓN ANTE A CRISE DO COVID-19**

A crise actual do Covid-19 está a poñer a proba os modelos de atención dirixidos ás persoas maiores. Este colectivo é un dos máis vulnerables diante desta pandemia, polo que é preciso o máximo esforzo de protección por parte das distintas administracións públicas. Pero é evidente que nas medidas desenvolvidas, ou na súa ausencia, algo fallou. A OMS estima que até a metade das persoas finadas polo coronavirus vivían en residencias. Un dato que se confirma en Galicia a teor dos datos facilitados polo Sergas, nos que se sinala que dos 586 falecementos, 132 aconteceron en residencias e 134 entre persoas usuarias nos hospitais ou nas residencias integradas.

Neste sentido, cómpre facer balance do modelo de atención ás persoas maiores e da súa xestión. En Galicia, a maioría das prazas residenciais son ofertadas e xestionadas por entidades de carácter privado. Unha situación que se veu dando nos sucesivos anos, de tal xeito que mentras se incrementaba a porcentaxe de prazas privadas, se reducía a porcentaxe financiada pola Administración autonómica. En definitiva, un servizo esencial que debía ser público quedou progresivamente nas mans do mercado.

Levamos tempo vendo e denunciando as consecuencias destas decisións políticas nun sector coas ratios completamente disparadas e no que as traballadoras, con salarios precarios, se ven na obriga de atender a demasiadas persoas, o que implica unha merma na calidade asistencial. Así o veñen denunciando as propias traballadoras e as familias a través das distintas plataformas creadas para reivindicar un servizo público e de calidade.

Actualmente, e ante o contexto da crise do Covid-19, a situación adquiriu absoluta gravidade ao poñerse en serio risco a vida das persoas. A propia Federación Galega de Usuarios e Residencias (REDE) presentou diversas denuncias ante a Fiscalía coa fin de que se investigasen os casos de negligencia e abandono nos centros de maiores e, en especial, das residencias que pertencen á empresa privada Domus Vi.

Na nosa cidade, segundo os datos que constan no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Consellería de Política Social, hai quince centros residenciais, dos cales dous son de iniciativa pública. É dicir, unicamente o 13%. O resto son xestionados por entidades sociais, relixiosas ou con ánimo de lucro. Neste último caso sitúanse dúas residencias baixo a denominación “Domus VI”.

A Coruña conta con unha poboación de 65 ou máis anos que ascende a 59.663 persoas e ten uns índices de envellecemento e sobreenvellecemento elevados. Esta situación fai que sexa necesario abordar urxentemente medidas nas que o Concello teña un rol de liderado ante o reto que se nos pon por diante.

É o momento de repensar e fortalecer o modelo de atención ás persoas maiores e de facelo entre todas. Recentemente, Miguel Ángel Vázquez, presidente da Sociedade Galega de Xerontoloxía e Xeriatria, sinalaba nunha entrevista a urxencia de mudar o actual modelo de residencias, facendo fincapé na necesidade de cambiar a consideración que temos cara as persoas maiores, en moitas ocasións discriminadas e infantilizadas por razón da idade, e de apostar por residencias pequenas, nos barrios, cercanas aos servizos públicos -centros de saúde, fundamentalmente- e en contacto coa comunidade.

Estes espazos non poden estar illados e lonxe da sociedade, tal e como acontece actualmente, senón que teñen que formar parte da cidade. Teñen que ser un lugar onde un grupo de persoas vive e recibe o apoio que necesita. Debemos rexeitar o modelo hosteleiro dos anos 80, que acaba por despersonalizar a atención, desvinculando as persoas dos seus territorios e do seu tecido social.

É evidente que neste contexto os coidados adquiren especial valor e as administracións teñen a obriga histórica de estar á altura nun momento extremadamente difícil para moitas persoas. O Concello da Coruña é a administración máis cercana ás persoas e debe ser capaz de responder coas mellores políticas públicas e os mellores servizos públicos para paliar as consecuencias negativas desta pandemia. A nosa cidade debe encarar esta crise sen deixar a ninguén atrás, coidando de quen tanto nos coidou.

Polo exposto, o Grupo Municipal da Marea Atlántica propón ao Pleno do Concello a adopción dos seguintes acordos:

- 1.- Instar á Xunta de Galicia a revisar os concertos establecidos coas residencias privadas e á súa progresiva eliminación en favor de un incremento de prazas públicas e de calidade.
- 2.- Instar ao goberno municipal a implementar unha rede de residencias municipais de proximidade en colaboración coa Xunta de Galicia, tomando como referencia a rede de escolas infantís municipais e permitindo ás persoas maiores vivir e convivir na súa contorna habitual.
- 3.- Instar ao goberno municipal a promover alternativas residenciais de comunidades de coidados compartidos de maiores (*cohousing*) como unha figura máis dentro do catálogo de servizos da Oficina Municipal de Dependencia.
- 4.- Instar ao goberno municipal a promover o acceso das persoas maiores á tecnoloxía, facilitando formación, apoio e dispositivos a quen careza deles para reducir a fenda dixital e favorecer a súa socialización.
- 5.- Instar ao goberno municipal á eliminación do copagamento no Servizo de Axuda no Fogar.
- 6.- Instar ao goberno municipal á reconfiguración do Servizo de Axuda no Fogar para atender necesidades non cubertas das persoas usuarias.

7.- Instar ao goberno municipal a levar a cabo as medidas que correspondan para garantir a gratuidade do servizo de comidas a domicilio nos casos de maior vulnerabilidade social.

8.- Instar ao goberno municipal á constitución dunha mesa de traballo institucional con representantes das entidades do sector de maiores e o conxunto das forzas políticas con representadas na Corporación coa fin de consensuar un plan de reconfiguración destes servizos.